1. **Coloca cada tipo de determinante na definición adecuada:**

   ARTIGO DETERMINADO ARTIGO INDETERMINADO DEMOSTRATIVO

   - : é un determinante que sinala máis ou menos proximidade respecto da persoa que fala.
   - : úsase cando nos referimos a algo coñecido e concreto.
   - : úsase cando nos referimos a algo xeral ou descoñecido.

2. **Completa as oracións co artigo ou demostrativo que corresponda. Fai as contraccións onde vexas o símbolo +:**

   a) plátanos e amorodos son miñas froitas favoritas.

   b) amigo (de+) clase meteume biscoito podre (en+) mochila, pero non sei quen foi.

   c) (En+) ano quedáronme cousas por facer, como xogar (a+) fútbol (con+) pelota de auga.

   d) Fun (a+) restaurante que está (en+) esquina (de+) rúa principal.

   e) (En+) momento estou aí contigo e imprimimos deberes (con+) impresora (de+) miña irmá.

3. **Completa o cadro coas contraccións do artigo. Lembra poñer os acentos correctamente:**

| | O | A | OS | AS | UN | UNHA | UNS | UNHAS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **a** | | | | | | | | |
| **con** | | | | | | | | |
| **de** | | | | | | | | |
| **en** | | | | | | | | |
| **por** | | | | | | | | |
| **ca** | | | | | | | | |

4. **Completa o cadro cos demostrativos correspondentes:**

| | | MASCULINO | FEMININO | NEUTRO |
|---|---|---|---|---|
| **MOI CERCA** | *singular* | | | |
| | *plural* | | | |
| **CERCA** | *singular* | | | |
| | *plural* | | | |
| **LONXE** | *singular* | | | |
| | *plural* | | | |

5. **Analiza no caderno os determinantes seguindo o modelo:**

a) Isto non se fai!: *demostrativo, moi cerca, neutro, singular.*

b) Unha árbore: , , .

c) Estes rapaces: , , , .

d) Os camiños: , , .

e) Esas flores: , , , .

f) Aquilo é teu: , , .

6. **Coloca correctamente en cada grupo as palabras da seguinte listaxe:**

| con sufixo aumentativo | con sufixo diminutivo | con sufixo despectivo | sen sufixo |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| pazo | pequerrecha | abrigucho | neniña | rapazolo |
| pequecho | camión | coiteluco | lugarexo | ollazos |
| mullerona | croqueta | notazas | alfabeto | riacho |
| fracucho | mangallón | bastón | saquiño | rapazote |

7. **Identifica o valor que teñen os sufixos nestas oracións:**

despectivo

apreciativo

a) Que ollazos ten teu irmán!

b) Esa rapazola é moi estudosa.

c) Ordena os papeluchos que vas presentar no colexio.

d) Vaia cuartiño te montaches para estudar!

e) Saquei unha notaza en Sociais!

**8. Identifica as diferentes partes da noticia.**

# Os futbolistas galegos que conquistan o mundo

Preto dunha trintena de xogadores compiten ao longo do planeta, algúns como Angeliño xogando a primeiro nivel no RB Leipzig alemán



Angeliño, xogador galego do Leipzig. DPA VÍA EUROPA PRESS

IVÁN ANTELO
REDACCIÓN 01/12/2020 05:00 H

Emigrar nunca foi un problema para os galegos. Non o foi no século XIX, cando América e máis concretamente a zona da Prata converteuse noutra provincia máis de Galicia, nin tampouco no XX, cando Centroeuropa soubo valorar o esforzo galego.

Agora, é o deporte galego o que exporta talento. Só no fútbol, hai preto dunha trintena de xogadores repartidos polo planeta. Algúns deles competindo a primerísimo nivel mundial. É o caso de Angeliño Tasende (Coristanco, 1997). Marchouse a Inglaterra sendo adolescente, con apenas 16 anos, e tamén estivo en Estados Unidos e en Países Baixos, antes de recalar en Alemaña, onde se atopa na actualidade. Co seu actual club, o RB Leipzig, xa alcanzou unhas semifinais da Champions e este curso xa suma 5 tantos, a pesar de ser lateral. «Non me afecta o viaxar. Ao contrario. E aquí, aínda que levo pouco tempo, pois me atopo moi adaptado. Déronme moita confianza de inicio. Entre todos me axudaron a entrar rápido e as cousas estannos saíndo moi ben, tanto a nivel de equipo, como de forma individual. O único problema é o idioma, que é moi difícil. Estamos a dar clases, pero bo, de momento aínda non falamos nada. Temos tradutor, así que iso nos simplifica», explicaba a La Voz hai uns meses.

titular

foto

pé de foto

corpo

entrada